

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026418	IES Terra de Soneira	Vimianzo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Empresa e Deseño de Modelos de Negocio	2º Bac.	4	116

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	19

1. Introducción

A materia Empresa e Deseño de Modelos de Negocio trata de explicar a realidade empresarial, como unha rama da Economía especializada nun determinado suxeito económico: a empresa. A empresa é un axente esencial da actividade económica, que está presente de forma cotiá nos medios de comunicación, e forma parte da vida dunha grande maioría dos fogares.

O coñecemento da empresa constitúe un paso esencial para entender o funcionamento global de Economía. A materia pretende a reflexión sobre como responden as empresas aos desafíos actuais que se lles presentan, onde o factor clave da súa actividade reside na innovación.

Esta materia de modalidade está integrada no segundo curso do bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, e pretende, por unha banda, o coñecemento da empresa como axente fundamental no desenvolvemento económico, tendo en conta os valores propios da responsabilidade social corporativa e, pola outra, o fomento dunha cultura empresarial onde o alumnado medre en creatividade e espírito de innovación, e se incentive a elaboración de reflexións persoais e toma de decisións fundamentadas que permitan deseñar unha proposta de modelo de negocio e analizar a súa viabilidade.

O Decreto 157/2022 constitúe a base da programación do curso, e reparte os criterios de avaliación e contidos en 4 bloques que contribuirán á consecución dos obxectivos:

1. A empresa e a súa contorna: que se centra en coñecer a orixe dun proxecto empresarial nunha contorna cambiante e a importancia da innovación como factor clave de supervivencia.

2. O modelo de negocio e de xestión: analiza as diferentes áreas funcionais da empresa que constitúen a base de calquera modelo de negocio.

3. Ferramentas para innovar en modelos de negocio e de xestión: ofrécelle ao alumnado exemplos actuais de modelos de negocio inspiradores para novas propostas e as ferramentas creativas e innovadoras que poden ser aplicadas nas diferentes fases do proceso.

4. Estratexia empresarial e métodos de análise da realidade empresarial: estudo de casos e simulación: está realcionado coas ferramentas que permiten analizar a viabilidade do proxecto.

A empresa ten un significado social, crea emprego, canaliza a renda e, por conseguinte, constitúe un elemento de redistribución da renda nacional. O desenvolvemento da actividade empresarial debe estar guiado pola responsabilidade social corporativa e adaptada á realidade actual.

Esta programación vai dirixida ao alumnado de 2º de Bacharelato do IES Terra de Soneira que cursa a materia de Empresa e Deseño de Modelos de Negocio

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar a actividade empresarial e emprendedora, recoñecendo o poder de transformación que exercen na sociedade e reflexionando sobre o valor da innovación e a dixitalización neste proceso, para comprender o papel que desempeñan dentro do funcionamento global da economía actual.	2			2-5	12-40	1	1-2	
OBX2 - Investigar o contexto económico e social e a súa influencia na actividade empresarial, analizando as interrelacións empresas-contexto e identificando estratexias viables que partan dos criterios de responsabilidade social corporativa, da igualdade e a inclusión, para valorar a capacidade de adaptación das empresas.	2-3		4	1	20-50	4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Recoñecer e comprender modelos de negocio actuais comparándoos con outros tradicionais, aplicando estratexias e ferramentas que faciliten o deseño creativo e propoñendo modelos de negocio que, achegando valor, permitan satisfacer necesidades e contribuír ao benestar económico e social.	2-3		2-4		40	3	1	
OBX4 - Valorar e seleccionar estratexias comunicativas de aplicación ao mundo empresarial, utilizando novas fórmulas e obtendo a información que se xera tanto no ámbito interno como externo da empresa, para xestionar eficazmente a información necesaria no proceso de toma de decisións e a súa correcta transmisión.	1-3	1-2		3	40		2	
OBX5 - Realizar a análise previsional do modelo de negocio deseñado, aplicando as ferramentas de análise empresarial necesarias para comprender o proceso levado a cabo e validar a proposta presentada.				2-3	11-50		1-2-3	

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A empresa: tipoloxía, contexto e desenvolvemento	Concepto de empresa: elementos, funcións e obxectivos. Empresario: concepto, características e funcións. Criterios de cladificación da empresa. Factores de localización. Concepto de dimensión empresarial e crecemento da empresa. Marco xurídico da actividade empresarial. Principais formas xurídicas da empresa. O contexto empresarial. As cinco forzas de Porter. Responsabilidade social corporativa. Persoa emprendedora. Muller e emprendemento. Concepto de dixitalización e aplicación á empresa. Cconcepto de I+D+i. Concepto, teorías e estratexias da innovación.	16	15	X		
2	A función produtiva	Función de produción. Factores de produción, produto. Proceso produtivo. Eficiencia técnica e económica. Produtividade. Actividades, recursos e asociacións clave. Custos de produción.	15	20	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	A función produtiva	Métodos de valoración de existencias. Punto morto ou limiar de rendibilidade.	15	20	X		
3	A función comercial	Análise de mercado de estratexia de márketing. Demanda e cota de mercado. Segmentación de mercado. Proposta de valor. Márketing mix.	8	7		X	
4	A xestión dos RRHH	Selección e formación do persoal. Habilidades que demanda o mercado. A contratación e as relacións laborais na empresa. Estatuto dos Traballadores, convenio colectivo e contrato de traballo. Políticas de igualdade e inclusión.	8	6		X	
5	Inversión e financiamento	Fontes de financiación da empresa. Elementos dun proxecto de investimento. Métodos de valoración e selección dun proxecto de investimento.	12	14		X	
6	A información contable e fiscalidade	Estructura económica e financeira da empresa. Equilibrios patrimoniais. Fondo de manobra. Ratios financeiros. Rendibilidade económica e financeira. Obrigas contables. O patrimonio da empresa. As contas anuais e a imaxen fiel. Balance e conta de Pe G. Impostos.	25	40		X	X
7	Ferramentas de innovación en modelos de negocio e xestión	Concepto de modelo de negocio. o lenzo do modelo de negocio e xestión. Padróns de modelo de negocio. O punto de vista dos clientes, o mapa de empatía. Creatividade. Dinámicas de xeración de ideas en modelos de negocio. CCompetencia e nicho de mercado. As ferramentas de organización de ideas. o prototipado. As ferramentas de presentación dun proxecto ou idea. Os escenarios. Novos modelos de negoci. Outras ferramentas para innovar en modelos de negocio.	8	7			X
8	Plan de negocio: simulación e validación	Avaliación previa dos modelos de negocio. A validación do modelo de negocio. Dereitos de propiedade industrial. Toma de decisións. Simulación. Redacción dun plan de negocio. A análise dos resultados	8	7			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A empresa: tipoloxía, contexto e desenvolvemento	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Comprender a importancia da actividade empresarial e o emprendemento na economía actual, recoñecendo o poder de transformación que exercen na sociedade e reflexionando sobre o valor da innovación e a dixitalización.	Comprender o valor do empresario, as súas características e funcións. Valorar as características do emprendemento e as súas dificultades, facendo énfasis no emprendemento feminino e na influencia da dixitalización e a innovación.	PE	100
CA1.2 - Analizar o papel da I+D+i no desenvolvemento social e empresarial, identificando novas tendencias e tecnoloxías que teñen un alto impacto na economía.	Comprender o concepto de dixitalización e aplicación á empresa. Identificar as teorías e estratexias da innovación no eido empresarial		
CA1.3 - Valorar a capacidade de adaptación áxil, responsable e sostible das empresas aos cambios do contexto e ás exigencias do mercado, investigando o contexto económico e social e a súa influencia na actividade empresarial.	Identificar e explicar os factores do macroentorno e do microentorno. As cinco forzas de Porter		
CA1.4 - Coñecer os distintos tipos de empresa, os seus elementos e funcións, así como as formas xurídicas que adoptan relacionando cada unha delas coa responsabilidade legal dos seus propietarios e xestores e coas exigencias de capital.	Clasificar as empresas en función de diversos criterios. Identificar as características máis importantes das diferentes formas xurídicas e valorar cal é a máis adecuada a cada situación.		
CA1.5 - Identificar e analizar as características do contexto no que a empresa desenvolve a súa actividade, explicando, a partir destas, as distintas estratexias e decisións adoptadas e as posibles implicacións sociais e medioambientais da súa actividade.	Comprender a importancia da responsabilidade social corporativa e os seus ámbitos de actuación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O empresario ou a empresa. Perfís. - A empresa. Clasificación. Localización e dimensión da empresa. Marco xurídico que regula a actividade empresarial. - O contexto empresarial. Responsabilidade social corporativa. Muller e emprendemento. Inclusión e emprendemento. - A empresa, dixitalización e innovación. I+D+i. Teorías da innovación. Tipos de innovación. Tendencias emerxentes. Estratexias de innovación.

UD	Título da UD	Duración
2	A función produtiva	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Analizar e tomar decisións sobre os procesos produtivos desde a eficiencia e a produtividade, definindo o soporte necesario para facer realidade un modelo de negocio.	Comprender o proceso produtivo. Valorar eficiencia e produtividade. Clasificar e calcular os diferentes tipos de custos. Cálculo de beneficio e punto morto. Decisión producir/comprar. Aplica os métodos de valoración de existencias.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A función produtiva. Proceso produtivo. Eficiencia e produtividade. Actividades clave. Recursos clave. Asociacións clave. Estrutura de custos: clasificación e cálculo de custos.

UD	Título da UD	Duración
3	A función comercial	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Analizar as características do mercado, explicando, de acordo con elas, a proposta de valor, canles, relacións con clientes e fontes de ingresos dun modelo de negocio innovador.	Comprender o análise de mercado e a estratexia de márketing. Diferenciar entre demanda e cuota de mercado. Entender a segmentación de mercado e os seus criterios. Explicar o marketing-mix.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A función comercial. Segmento de clientes. A proposta de valor. Canles. Relacións con clientes. Fontes de ingresos. Estratexias de márketing.

UD	Título da UD	Duración
4	A xestión dos RRHH	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar e analizar as distintas políticas empresariais de xestión, contratación e formación de recursos humanos, valorando e recoñecendo as actuacións das empresas en materia de igualdade e inclusión.	Valorar a selección formación do persoal nas empresas. Identificar as habilidades que demanda o mercado. Coñecer os fundamentos da contratación e as relacións laborais na empresa. Valorar as políticas de igualdade e inclusión.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A xestión dos recursos humanos. Formación e funcionamento de equipos áxiles. Habilidades que demanda o mercado de traballo. A contratación e as relacións laborais da empresa. As políticas de igualdade e de inclusión nas empresas.

UD	Título da UD	Duración
5	Inversión e financiamento	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Analizar e tomar decisións sobre investimento e financiamento, aplicando métodos de selección de investimentos e recoñecendo as vantaxes e inconvenientes das distintas fontes de financiamento empresarial.	Recoñece e explica as diferentes fontes de financiación. Coñece os diferentes tipos de inversión e aplica métodos de valoración e selección de investimentos.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A función financeira. Estrutura económica e financeira. Investimento. Valoración e selección de investimentos. Recursos financeiros. Análise de fontes alternativas de financiamento interno e externo.

UD	Título da UD	Duración
6	A información contable e fiscalidade	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Analizar e explicar a situación económico-financiera da empresa a partir da información recollida nas contas anuais, indicando as posibles solucións aos desequilibrios atopados e analizando o impacto dos tributos que ten que satisfacer a empresa.	Coñece as obrigas contables. Identifica os elementos patrimoniais e os seus criterios de valoración. Coñece as contas anuais e a imaxe fiel. Elabora de forma simplificada Balance e PeG. Analiza e interpreta a información contable. Coñece os elementos dos impostos profundizando no IRPF, IS e IVE.	PE	90
CA4.5 - Valorar a situación económico-financiera da proposta presentada, analizando e interpretando a información recollida tanto no balance como na conta de perdas e ganancias e indicando as posibles solucións aos desequilibrios encontrados.	Analiza o Balance e PeG dunha empresa, extrae conclusións e aporta solucións.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A información na empresa: obrigas contables. Composición e valoración do patrimonio. Contas anuais e imaxe fiel.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias. - Fiscalidade empresarial: principais tributos que gravan a actividade empresarial. - A análise de resultados: estudo de mercado, análise e interpretación da información contable e análise de estados financeiros.

UD	Título da UD	Duración
7	Ferramentas de innovación en modelos de negocio e xestión	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Comprender o concepto de modelo de negocio como unha forma de lles dar resposta ás necesidades actuais, comparando distintos modelos, desde os máis tradicionais aos máis innovadores.	Valorar a utilidade do lenzo de modelo de negocio e xestión, e explicar os elementos e áreas. Identificar os padróns de modelos de negocio	PE	90
CA3.1 - Valorar a capacidade de adaptación áxil, responsable e sostible das empresas ás exixencias do mercado, explorando ideas, escenarios futuros e novos padróns e modelos de negocio.	Valorar os escenarios e relacionalos cos novos modelos de negocio. Comprender o punto de vista dos clientes e o mapa de empatía. Explicar os conceptos de competencia e nicho de mercado.		
CA3.2 - Coñecer as distintas estratexias e ferramentas de deseño creativo, aplicando estas á xeración dun modelo de negocio transformador que permita dar resposta ás necesidades actuais.	Comprender a creatividade e os seu proceso e coñecer as dinámicas de xeración de novas ideas en modelos de negocio. Identificar novas ferramentas de innovación.		
CA3.3 - Xestionar eficazmente a información e facilitar o proceso de toma de decisións a partir da información obtida, tanto no ámbito interno como externo da empresa, aplicando estratexias e novas fórmulas comunicativas.	Identificar e explicar as ferramentas de organizació de ideas.		
CA3.4 - Seleccionar estratexias de comunicación aplicadas ao mundo empresarial, utilizando novas fórmulas comunicativas que faciliten a xestión eficaz da información e a súa transmisión.	Comprender o concepto de prototipado, a súa utilidade e posibilidades.		
CA3.5 - Coñecer as ferramentas necesarias que permitan expoñer o proxecto de modelo de negocio, despertando o interese e cativando os demais coa proposta de valor presentada.	Coñecer as ferramentas de presentació dun proxecto ou idea.		
CA2.3 - Analizar as características organizativas e funcionais da empresa, explicando, a partir delas, as decisións de planificación, xestión e optimización de actividades, recursos e asociacións clave dun modelo de negocio innovador.	Relacionar as funcións directivas e os elementos do modelo de negocio. Coñecer e aplica as ferramentas de organización de ideas.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Empresa e modelo de negocio. - O lenzo de modelo de negocio e de xestión: concepto, áreas, bloques, utilidade e padróns de modelos de negocio. - O punto de vista dos clientes: mapa de empatía. - A creatividade aplicada ao deseño do modelo de negocio e de xestión. O proceso de creatividade: diverxencia e converxencia. Dinámicas de xeración de novas ideas de modelos de negocio. - A competencia e os nichos de mercado. - As ferramentas de organización de ideas: Pensamento visual ou Visual Thinking. Capacidade de síntese. Ideación. Comunicación. - O prototipado: concepto e utilidade. Posibilidades de prototipado: bens, servizos e aplicacións. - As ferramentas de presentación dun proxecto ou idea. Metodoloxía: narración de historias ou storytelling e o discurso no ascensor ou elevator pitch. Outras metodoloxías. - Os escenarios: exploración de ideas, escenarios futuros e novos modelos de negocio. - Outras ferramentas para innovar en modelos de negocio e de xestión.

UD	Título da UD	Duración
8	Plan de negocio: simulación e validación	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Validar a proposta de modelo de negocio deseñado dentro dun contexto determinado, definíndoo a partir das tendencias clave do momento, a situación macroeconómica, o mercado e a competencia, comprendendo todo o proceso levado a cabo e aplicando técnicas de	Identificar as ferramentas para a avaliación previa do modelo de negocio. Coñecer as metodoloxías para validar o proxecto de negocio tendo en conta o contexto.	PE	90
CA4.3 - Elaborar un plan de negocio básico sobre un escenario simulado concreto, xustificando as decisións tomadas.	Coñece o proceso de toma de decisións e da simulación dun plan de negocio, así como a súa estrutura e redacción.		
CA4.4 - Determinar a estratexia de propiedade industrial da empresa, establecendo as liñas de actuación en materia de protección de idea, produto e marca.	Coñecer os dereitos de propiedade industrial		
CA4.2 - Determinar previsionalmente a estrutura de ingresos e custos, calculando o seu beneficio e limiar de rendibilidade a partir do modelo de negocio proposto.	Aplica as ferramentas para a avaliación previa dos modelos de negocio: análise DAFO, análise previsional de ingresos e custos mediante a conta de P e G e limiar de rendibilidade, análise da información contable e dos estados financeiros, sobre unha proposta de negocio propia ou allea.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- O contexto do modelo de negocio. Previsión: tendencias clave. Macroeconomía: variables macroeconómicas. Competencia: forzas competitivas.
- A avaliación previa de modelos de negocio: análise DAFO, análise previsional de ingresos e custos e o limiar de rendibilidade.
- A validación do modelo de negocio. Lean Startup. Desenvolvemento de clientes. Desenvolvemento de produto áxil.
- A protección da idea, do produto e da marca.
- A toma de decisións. Estratexias. Simulación en folla de cálculo. Redacción dun plan de negocios básico.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No deseño da práctica de ensino e aprendizaxe desta materia consideranse os principios e orientacións pedagóxicas do Decreto 157/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A metodoloxía proposta é de ensinanza activa, na que a participación do alumnado é o elemento esencial, procurando a súa formación integral como cidadán. Prestarase atención especial á consecución da súa motivación. Trata de dar unha resposta competencial, aplicando o coñecemento a situacións diversas e cambiantes, cun enfoque interdisciplinar

O punto de partida será unha avaliación de diagnóstico dos coñecementos previos que desta materia teñan os alumnos. A maioría dos alumnos desta materia xa cursaron Economía en 1º de Bacharelato onde xa se introducen algúns conceptos básicos sobre a empresa e a realidade empresarial Ademais os contidos económico-empresaris están presentes na vida diaria da sociedade actual. A partir de aquí, o desenvolvemento das distintas unidades farase de modo progresivo: é dicir, incorporando novos conceptos de forma paulatina, buscando sempre a interrelación entre eles, e tamén a interrelación con outras materias deste curso e con temas de actualidade . Con esta avaliación inicial tamén se detectarán posibles diferenzas individuais para deseñar a metodoloxía máis adecuada que contemple a atención persoal ao alumno e ao grupo.

Aplicarase o método simbólico e verbalístico que se fundamenta na transmisión do saber, no que o profesor é un axente determinante na aprendizaxe, xunto co método intuitivo que tenta achegarse o máis posible á realidade inmediata do alumno, partindo da realización dunhas actividades experimentais que lle implique dunha forma activa, e mediante o deseño doutras que requiran unha colaboración cos seus compañeiros, fomentando os grupos heteroxeneos e a socialización do alumnado. Estas técnicas de ensino poden converterse en activas mentres o profesor convértese no orientador da aprendizaxe. Todo iso, contribuirá a lograr unha verdadeira motivación do alumno.

A profesora presentará os conceptos, principios ou afirmacións de cada bloque dos que se extraerán unhas conclusións e consecuencias, para posteriormente aplicarlas a casos particulares da actualidade empresarial extraídas da consulta de noticias en medios audiovisuais e escritos, ademais da observación da contorna do propio alumno, para axudarlle a alcanzar un razoamento globalizado. Desta forma o alumnado verá a empresa como algo próximo e en continua evolución.

Os recursos metodolóxicos a empregar organizaranse nunha serie de estratexias de ensino-aprendizaxe significativas, funcionais e de interese para o alumnado, que o profesor deseñará para que conduzan ao alumno para descubrir e a resolver en por sí, os problemas que se lle expoñan, e a xerar posibles solucións, fomentando o seu espírito crítico. Isto concrétese en actividades tales como a lectura, análise e comentario de novas de contido económico e empresarial , a procura e consulta de diversas fontes de información que ofrecen datos e tendencias sobre o mundo empresarial, o uso de ferramentas de análise empresarial para valorar a viabilidade dun proxecto, a utilización de ferramentas innovadoras e valoración das mesmas na empresa ou a elaboración dun plan básico de empresa. Para isto as tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta imprescindible, valorando así mesmo o uso das mesmas e o carácter innovador das empresas.

Promoverase a participación nos programas e plans educativos do centro que faciliten o desenvolvemento das competencias clave e o tratamento dos elementos transversais.

En xeral, en cada unidade desenvolveranse os seguintes tipos de actividades:

-Actividades de introdución para iniciar o tema. Terán por obxectivo explorar os coñecementos previos do alumno e conseguir a súa motivación. Para levalas a cabo empregaremos técnicas como a choiva de ideas ou os debates sobre cuestións que trataremos sempre que conecten coa súa realidade máis próxima.

- Actividades de desenvolvemento para desenvolver e profundar nos contidos e na adquisición de competencias, á vez que se consolidan os conceptos máis importantes. Trataremos sempre que os contidos reflictan a súa aplicación práctica real e usar estratexias que fomenten a motivación e a interacción dos alumnos no proceso de aprendizaxe.
 - Actividades de sínteses e comprobación. As actividades de sínteses permitirán integrar os contidos vistos na unidade, tratando de relacionalos cos adquiridos nas unidades anteriores.
 - Tendo sempre presente a atención á diversidade, levarán a cabo actividades de reforzo, que permitan superar aos alumnos que o necesiten dificultades na asimilación de e actividades de ampliación ou enriquecemento, respondendo o ritmo de aprendizaxe daqueles alumnos que alcancen os obxectivos de forma máis rápida.
- Ao inicio de cada unidade didáctica expóranse os instrumentos de avaliación a aplicar e a súa ponderación.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Manual da materia
Material elaborado pola profesora a partir da bibliografía e webgrafía
Aula virtual
Plans, proxectos e programas de centro.
Aula de informática.
Biblioteca.
Software específico
Actividades complementarias.

O manual da materia será o libro de texto "Empresa y desarrollo de negocio" de Galinova. Este complementarase con material elaborado por la profesora a partir de la bibliografía y webgrafía existente, sempre en base ás orientacións sobre la ABAU proporcionadas polo grupo de traballo correspondente.

A aula virtual poderá usarse como espazo dixital de traballo que permite dispoñer dun espazo web online para organizar os contidos das unidades didácticas, documentos e enlaces a outros recursos dixitais; espazo de intercambio e comunicación entre profesorado e alumnado (foros e mensaxeria), e de entrega e avaliación de tarefas. A biblioteca e a aula de informática usaranse como espazos alternativos á clase para o desenvolvemento dos contidos, promovendo o hábito lector e o uso das tecnoloxías da información e a comunicación. A realización de actividades complementarias e a participación nos plans, proxectos e programas nos que participa o centro, vinculados aos contidos da materia, fomenta o traballo dos elementos transversais.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras sesións do curso co fin de favorecer o coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa. Formularase como proba escrita co fin de avaliar os coñecementos previos da materia e o nivel competencial do alumnado. Permitirá axustar o proceso de ensino ás características que presenta o alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	16	15	8	8	12	25	8	8	100
Proba escrita	100	100	100	100	100	90	90	90	96
Táboa de indicadores	0	0	0	0	0	10	10	10	4

Criterios de cualificación:

Cualificación de cada avaliación parcial:

Calcularase como media ponderada das cualificacións obtidas nos instrumentos de avaliación aplicados.

Proba escrita. A súa cualificación obterase como media das probas escritas de contido teórico-prácticas realizadas en cada avaliación. Estas probas elaboraranse segundo as orientacións facilitadas polo grupo de traballo para a preparación da ABAU. En cada pregunta indícarase a súa puntuación máxima. Na súa corrección farase constar a puntuación acadada en cada unha delas e a puntuación total.

Táboa de indicadores. Isto correspóndese coa produción do alumnado. A súa cualificación obterase como a media das cualificacións obtidas nunha ou máis das seguintes:

- Tarefas indicadas pola profesora na aula virtual. A súa cualificación recollerase na propia aula.
- Tarefas realizadas na clase e/ou entregadas fisicamente ao profesor. A súa cualificación recollerase no caderno do profesor.

Na primeira avaliación avalíaranse as unidades 1 e 2, supoñendo en ambas a proba ou probas escritas o 100% da cualificación.

Na segunda avaliación avalíaranse as unidades 3, 4, 5 e parte da 6. A proba ou probas escritas suporán o 100% da nota.

Na terceira avaliación avalíaranse parte da unidade 6, e as unidades 7 e 8. A proba escrita suporá o 100% da cualificación e a táboa de indicadores o 10%.

Dado que a nota de cada avaliación é numérica exacta, o redondeo será:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

Cualificación avaliación ordinaria:

Calcularase como media das cualificacións das avaliacións parciais sen aplicar o redondeo.

Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, o redondeo será:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

Entenderase superada a avaliación ordinaria cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores

Criterios de recuperación:

O alumnado que non supera algunha avaliación parcial, será convocado a unha proba escrita que versará sobre os contidos específicos da avaliación non superada. O seu resultado suporá o 100% da cualificación da avaliación. Enténdese recuperada a avaliación cando o alumno obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicado o redondeo anteriormente explicado. De obterse unha nota inferior, sempre nos quedaremos coa maior nota entre a obtida na avaliación parcial e nesta recuperación.

A cualificación da avaliación ordinaria calcularase como media das cualificacións das avaliacións parciais. Se unha vez aplicado o redondeo a nota é inferior a un 5, o alumno será convocado a unha proba final escrita que versará sobre os contidos de todo o curso. O seu resultado suporá o 100% da cualificación da avaliación ordinaria. Para superala, a nota acadada unha vez aplicado o redondeo, debe ser igual ou superior a un 5.

O alumnado que non superou a materia na avaliación ordinaria será convocado a unha proba extraordinaria, que versará sobre a totalidade dos contidos expostos, e que se realizará no mes de xuño, nas datas determinadas pola dirección do centro segundo estableza a Orde pola que se aproba o calendario escolar para cada curso. A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado da proba escrita (aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación). O alumnado supera a materia cando acada una cualificación mínima de 5.

6. Medidas de atención á diversidade

Son medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado (Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011).

De ser preciso, desenvolveranse as seguintes medidas de atención á diversidade:

Ordinarias. Aquelas que faciliten a adecuación do currículo, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos nin criterios de avaliación, ao contexto do centro e ás características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

- Adecuación da xestión da aula ás características do alumnado, procurando a participación, o acceso aos recursos, favorecendo a convivencia e aprendizaxe compartida.
- Adecuación da programación didáctica ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos

plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.

- Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.
- Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.
- Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

Extraordinarias. Aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo o una modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren insuficientes.

O alumnado con necesidade específica de apoio educativo é aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condición persoais ou de historia escolar.

O alumnado que presenta necesidade educativas especiais é aquel que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atención educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

- Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixida a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.
- Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. .

O docente colaborará co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe.

A avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe. No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.			X				X	X
ET.4 - Competencia dixital.		X					X	X
ET.5 - Creatividade.	X		X			X	X	
ET.6 - Emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico.	X		X	X	X		X	

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.8 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita empresa.	coñecer os elementos e funcionamento da empresa, así como visualizar o proceso de dixitalización e innovación da mesma		X	
Visita dun emprendedor local	Coñecer un proxecto emprendedor da contorna			X
Charlas formativas a cargo de empresas e/ou institucións.	Charlas que pretenden achegar a realidade económica ao alumnado á par que promover criterios éticos, solidarios e sostibles	X	X	X
Colaboracións nos programas nos que participa o centro	Programa Iguala e Emociónate, Proxecto Terra	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Inclúe os elementos curriculares na programación didáctica adaptándoos ás características do alumnado e contexto do centro.
Elabora as unidades didácticas utilizando como referente a programación didáctica da materia.
Presenta e publica a programación didáctica incidindo especialmente na metodoloxía, instrumentos e proceso de avaliación e cualificación.

Planifica, coa antelación suficiente e tendo en conta a dispoñibilidade do alumnado, o calendario de probas a realizar segundo a tipoloxía.
Os mínimos de consecución e os criterios de cualificación e recuperación están claramente definidos.
Rexistra e avalía o seguimento da súa propia actuación no desenvolvemento das clases.
Metodoloxía empregada
Ofrece ao alumnado múltiples formas de presentación dos contidos e de acción e expresión.
Procura a transparencia do proceso de avaliación.
Fomenta e estimula as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, de expresión escrita e en público.
Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula en función das características do grupo.
Establece criterios e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permitan facer o seguimento do progreso do alumnado e comprobar o grao de adquisición de competencias.
Presenta ao inicio de cada sesión o plan de traballo, sinalando os obxectivos que se pretenden lograr.
Analiza os resultados da avaliación cos alumnos e alumnas. Informa dos logros acadados e dificultades atopadas, propoñendo estratexias de mellora.
Relaciona os contidos da materia cos feitos da actualidade.
Emprega instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.
Emprega os resultados da avaliación para mellorar o proceso de ensino.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.
Propón actividades complementarias que contribúan á mellora da aprendizaxe do alumnado.
Organiza actividades complementarias axeitadas que completen a aprendizaxe tendo en conta as inquiredanzas do alumnado, na procura de facer atractiva a participación no desenvolvemento das mesmas.
Participa en actividades de formación dirixidas á actualización de coñecementos científico-técnicos, didácticos e/ou psicopedagóxicos.
Realiza actividades, traballos e proxectos de investigación e innovación educativa relacionados coa práctica docente.
Medidas de atención á diversidade
Realiza a avaliación inicial co fin de identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.
Establece as medidas de atención á diversidade necesarias para facilitar o acceso ao currículo do alumnado
Propón ao alumnado a realización de actividades de recuperación e reforzo, de enriquecemento e ampliación, en función das súas necesidades.
Establece as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado.

Clima de traballo na aula
Recoñece o esforzo do alumnado, non só os resultados.
Fomenta a participación do alumnado no desenvolvemento da materia, promovendo o debate e a análise crítica dos temas propostos.
Emprega na aula un discurso que estimula e mantén o interese do alumnado polos contidos obxecto de estudo.
Amosa unha actitude aberta e receptiva e fomenta a interacción co alumnado.
Xestiona a intelixencia emocional na aula, facilitando a expresión do alumnado, ensinando estratexias comunicativas.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Planifica a actividade educativa coordinada con outras materias.

Descrición:

Tal e como establece a normativa, O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes. Tales indicadores consisten nunha serie de elementos que permiten reflexionar sobre a actuación co alumnado e os aspectos reflectidos na programación:

- planificación,
- motivación do alumnado,
- desenvolvemento do proceso de ensino,
- idoneidade dos materiais empregados e das actividades propostas
- seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe

Valoraranse de 0 a 5.

Obxectivos da avaliación da práctica docente:

- Axustala ás peculiaridades do grupo e a cada alumno/a.
- Comparar a planificación curricular coa súa execución.
- Favorecer a reflexión individual e colectiva.
- Mellorar a comunicación e coordinación

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao iniciar o curso revisarase a programación a partir das propostas de mellora recollidas na correspondente memoria do departamento do curso anterior.

A avaliación da presente programación farase a través do seguimento na aplicación Proens ao final de cada unidade didáctica por parte do/a profesor/profesora que imparta a materia a cada grupo e nas reunións mensuais de departamento. O informe de seguimento require indicar o número de sesións empregadas en cada unidade didáctica, grao de cumprimento, propostas de mellora e observacións.

Nas reunións de departamento comprobarase o grao de consecución dos obxectivos programados e as dificultades que se poidan atopar co fin de introducir as modificacións que sexan precisas.

O informe de seguimento facilitará a redacción da Memoria Final.

Empregaranse unha ou varias para analizar o grao de cumprimento dos indicadores de logro:

- Diario de aula.
- Rúbrica de autoavaliación.
- Estatísticas de resultados.
- Cuestionarios e enquisas ao alumnado.

9. Outros apartados